



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

correo@abegondo.es
www.abegondo.es
sede.abegondo.es

MEMORIA EXPLICATIVA SUBVENCÍONS DE EDUCACIÓN

Conforme ao previsto polo artigo da Lei 38/2003 xeral de subvencións establécese a seguinte memoria explicativa para as subvencións de Educación.

O Concello de Abegondo, é consciente de que a educación é o elemento estratéxico das sociedades do século XXI e o principal recurso produtivo da sociedade moderna. A Constitución Española e a declaración universal dos dereitos humanos recollen o dereito á educación e á gratuidade da instrución básica.

O Concello de Abegondo, no ámbito das súas competencias e de xeito complementario ás actuacións Estatais e autonómicas propón un sistema de axudas para os distintos niveis de educación que faciliten o acceso á mesma nas mellores condicións.

□ Bolsas para a concesión de axudas aos desprazamentos co fin escolar:

- Destinatarios: estas bolsas están dirixidas aos estudantes que están cursando educación universitaria, bacharelato, formación profesional, ensinanza de réxime especial, educación secundaria de adultos, centros de educación especial ou outros estudos oficiais homologados.
- Obxectivo: o Concello de Abegondo, tendo en conta a súa situación, a distancia e o feito de non contar con centros específicos onde se cursan os estudos mencionados no punto anterior, propón axudas para que este tipo de formación non supoña unha merma nas posibilidades dos nosos cidadáns dado que supoñen un maior gasto para as familias. Así mesmo, o Concello ten o propósito de favorecer que cursen estes estudos con aproveitamento, de que non os abandonen por falla de axudas e de fomentar que as persoas sigan estudando despois de rematar as ensanzas obrigatorias
- Medios: bolsas de estudo para que os estudantes de Abegondo sufraguen parte deses gastos de transporte. Tendo que xustificar o uso da mesma simplemente coa presentación da matrícula e as cualificacións obtidas no presente curso 2019/2020

□ Bolsas de estudo para a escolarización:

- Destinatarios: estudantes que estean cursando educación infantil (segundo ciclo), educación primaria e educación secundaria.
- Obxectivo: a escolarización dos rapaces nestas ensanzas supón como principal gasto para os pais a adquisición de material escolar. Preténdese mediante a presente subvención facilitar a adquisición deste por parte das familias.
- Medios: subvención para financiar o custo da adquisición do material escolar.

No relativo á financiación esta correrá a cargo de fondos propios do Concello no orzamento do ano 2020. A contía máxima das subvencións quedará fixada coa aprobación do orzamento 2020.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).